

# Relacións entre literatura e fútbol: a propósito de “O místico & Iron Maiden”, de Manuel Rivas

*Relations between literature and soccer: “O mister & Iron Maiden”,  
by Manuel Rivas*

**Javier RIVERO GRANDOSO**

Universidad Complutense de Madrid / University of Connecticut  
Departamento de Filología Románica, Filología Eslava y Lingüística General /  
Department of Literatures, Cultures & Languages

javierriverograndoso@filol.ucm.es

[recibido 28/02/2014, aceptado 07/07/2014]

## RESUMO

O fútbol e a literatura foron tradicionalmente dous mundos separados, en gran medida polos prexuízos existentes en cada un dos bandos. Poucos son os exemplos de unión entre o deporte e as letras até agora, mais cada vez os escritores prestan máis atención ao fútbol, xa sexa dende a columna xornalística ou dende a ficción. Neste traballo analizamos un caso do deporte e a literatura galega: o conto de Manuel Rivas “O místico & Iron Maiden”, no que a figura do adestrador do Deportivo de la Coruña, Arsenio Iglesias, desempeña un papel destacado.

**PALABRAS CHAVE:** literatura e fútbol, Manuel Rivas, Arsenio Iglesias, Real Club Deportivo de la Coruña, “O místico & Iron Maiden”.

RIVERO GRANDOSO, J. (2014): “Relacións entre literatura e fútbol: a propósito de «O místico & Iron Maiden», de Manuel Rivas”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 115-122.

## RESUMEN

El fútbol y la literatura fueron tradicionalmente dos mundos separados, en gran medida por los prejuicios existentes en cada uno de los bandos. Pocos son los ejemplos de unión entre el deporte y las letras hasta ahora, pero cada vez los escritores prestan más atención al fútbol, ya sea desde la columna periodística o desde la ficción. En este trabajo analizaremos un caso del deporte y la literatura gallega: el cuento de Manuel Rivas “O mister & Iron Maiden”, en el que la figura del entrenador del Deportivo de la Coruña, Arsenio Iglesias, desempeña un papel destacado.

**PALABRAS CLAVE:** literatura y fútbol, Manuel Rivas, Arsenio Iglesias, Real Club Deportivo de la Coruña, “O místico & Iron Maiden”.

RIVERO GRANDOSO, J. (2014): “Relaciones entre literatura y fútbol: a propósito de «O mister & Iron Maiden», de Manuel Rivas”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 115-122.

## ABSTRACT

Traditionally, soccer and literature have been arranged in two separated fields, especially because of the prejudices between them. No many examples exist that connect this sport with arts. Nevertheless, writers are paying more attention to soccer nowadays, by including this topic in the journalistic articles or even in fiction texts. For this paper I seek to analyze a chase of Galician sport and literature: the short story “O mister & Iron Maiden”, by Manuel Rivas, where the Deportivo de la Coruña’s coach, Arsenio Iglesias, plays an important role.

**KEY WORDS:** literature and soccer, literature and football, Manuel Rivas, Arsenio Iglesias, Real Club Deportivo de la Coruña, “O místico & Iron Maiden”.

RIVERO GRANDOSO, J. (2014): “Relations between literature and soccer: «O mister & Iron Maiden», by Manuel Rivas”, *Madrygal (Madr.)*, 17: 115-122.

**SUMARIO:** 1. Fútbol e literatura: unha relación complicada. 2. O fútbol como xerador de mitos. 3. “O mister & Iron Maiden”: Arsenio Iglesias mitificado. 3.1. Manuel Rivas e o fútbol. 3.2. Arsenio Iglesias. 3.3. Análise do conto. 4. A modo de conclusión. 5. Referencias bibliográficas.

## 1. FÚTBOL E LITERATURA: UNHA RELACIÓN COMPLICADA

O fútbol e a literatura, e de xeito máis xeral, o deporte e a intelectualidade, semellan mundos completamente separados e difíciles de conciliar. A desconfianza coa que se tratan ten moitas veces a súa causa no descoñecemento e na existencia de certos prexuízos que parecen complicados de superar. No “Prólogo” que escribiu Jorge Valdano ao volume *Cuentos de fútbol*, do que falaremos máis adiante, o ex futbolista, ex adestrador, comentarista e director deportivo afirma que

Dentro de la cancha hacer cuento, como hacer teatro, son malas artes; una prueba más, acaso casual, del poco aprecio que el fútbol siente por la inteligencia clásica. No descarto la venganza como móvil, al fin y al cabo pocas veces fueron amables las opiniones de los intelectuales con respecto al fútbol. (Valdano 1995: 13)

No entanto, intelectuais como Albert Camus, Premio Nobel de Literatura, defendían o fútbol e argüían como razón que ese deporte lles ensinara máis sobre a vida e sobre a natureza do ser humano que mil libros.

Na tradición española, poucos foron os artistas que lle dedicaron atención aos deportes, e máis concretamente, ao fútbol. Célebre é o poema que narra a fazaña do porteiro húngaro Platko que Rafael Alberti escribiu en 1928 despois dun partido entre o Barcelona e a Real Sociedad celebrado en Santander no que se disputaba a final da Copa do Rei: esta primeira mostra de fútbol na literatura celebra a memorábel actuación do gardameta culé, que tras recibir un forte golpe na testa regresou ao campo para volver realizar grandes paradas coas que o Barcelona conseguiría o título. Deste modo e “through this poem, praising him as a hero of Spanish soccer, Platko achieved immortality” (Ashton 2013: 18).

Non moitas máis contribucións atopamos nos seguintes anos na literatura ou nas artes. A pesar de que moitos escritores expresan o seu gusto polo fútbol, poucos son os que o toman como tema literario. O adestrador Ángel Cappa sinalaba que “los intelectuales de izquierda (...) se están acercando al fútbol, se están acercando a sus sentimientos” (VV.AA. 1998: 7). Certamente, mentres en Hispanoamérica o fútbol contaba cun espazo respectado entre grupos de intelectuais —aínda que autores como Jorge Luis Borges mostraban un acusado rexeitamento—, en España a consideración que recibía era claramente negativa. Autores como Camilo José Cela ou Miguel Delibes, entre outros, tentaron converter este deporte en materia literaria, mais habería que esperar a anos despois, xa coa postmodernidade, para que máis escritores se sumasen ao fenómeno. Unha das características da postmodernidade, a mestura de elementos cultos e elementos populares, favorece a relación entre fútbol e literatura. É por iso que un dos poetas novísimos como Manuel Vázquez Montalbán dedicou moitas columnas ao fútbol, dende diversas perspectivas. O interese de Vázquez Montalbán non se limita a artigos de opinión, senón que tamén chegaría á súa serie novelística máis famosa, a protagonizada polo detective Pepe Carvalho, baixo o título de *El delantero centro fue asesinado al atardecer* (1988). Postumamente aparecería o volume *Fútbol: una religión en busca de dios* (2004), no que se recollen en forma de ensaio moitas das súas contribucións sobre fútbol na prensa.

Nos noventa, Jorge Valdano foi o encargado de preparar a antoloxía de contos de fútbol que xa citamos antes, e na que participaban escritores como Bernardo Atxaga, Mario Benedetti, Javier Marías, Eduardo Galeano, Augusto Roa Bastos, Carlos Casares ou Manuel Rivas, autor cuxo conto analizaremos neste traballo. Este libro tivo un “éxito inesperado. Parecía extravagante la temática en aquel entonces, no había muchos escritores que hubieran puesto el fútbol en el centro de su reflexión y la mayor parte de los relatos fueron realizados por encargo” (Rivera 2010: 16). A boa acollida deste volume posibilitou a aparición dunha segunda antoloxía, tres anos despois, na que só repetía Mario Benedetti,

e completaban a nómina nomes como Francisco Umbral, Josefina Aldecoa, Rafael Azcona ou Juan Manuel de Prada.

Moi lentamente, outros escritores foron tratando o fútbol na súa obra, como Andreu Martín e Sebastià Bennasar, ambos mesturándoo coa novela policial, mais aínda continúa sendo unha práctica pouco estendida, na que os acercamentos son máis ben puntuais.

## 2. O FÚTBOL COMO XERADOR DE MITOS

O fútbol é seguramente o deporte máis seguido no mundo, un auténtico fenómeno de masas que move paixóns e que xera numerosos ingresos nos negocios que están ao seu arredor. Nun tempo no que os medios de comunicación alcanzan calquera parte do planeta, a súa posibilidade de crear novos mitos é amplísima, no que contribúe de xeito acusado o desenvolvemento das técnicas de marketing das multinacionais que empregan a imaxe dos futbolistas e dos adestradores para anunciar os seus produtos.

A admiración que profesan os seguidores aos xogadores converte a estes en estrelas, en mitos modernos<sup>1</sup> –moitos deles cunha data de caducidade moi próxima– que permiten a relación entre fútbol e relixión, que xa sinalaron algúns sociólogos:

A historical and symbolic relationship is identified between religion and sports, especially football. The modern game is said to have replaced religion as the institution that binds people together, while giving rise to states of emotional ecstasy previously associated with religious ceremony. (Giulianotti 1999: 17)

En España, foi Manuel Vázquez Montalbán o que se referiu ao fútbol como unha nova relixión, idea nada desatinada se atendemos aos ritos que leva aparelado o deporte rei, como o carácter de templo do estadio<sup>2</sup> ou a celebración do partido tradicionalmente o domingo, aínda que agora, por cuestións comerciais e de explotación televisiva, poidan verse partidos de fútbol todos os días e a distintas horas.

Es previsible que en el próximo siglo uno de los mercados más activos sea el de las religiones, y frente a las religiones tradicionales, obsoletas, plastas, ya se alzan sectas de muy diversos tipos que proponen espiritualidades *prêt-à-porter*, y entre esas religiones laicas en Europa el fútbol tiene un porvenir inmenso, dotado como está de catedrales, feligresía y tramas mediáticas y comerciales dispuestas a que el apostolado futbolístico prospere. (Vázquez Montalbán 2005: 112)

Aínda que Vázquez Montalbán falase dunha relixión en busca de deus, máis ben deberíamos referirnos a “una religión politeísta ya que promueve la creación desmedida de dioses y héroes fugaces, y la mayoría de ellos vuelve a caer pronto en el olvido” (Cid Abasolo e Rivero Grandoso 2012: 111-112).

A creación destes heroes, destes mitos modernos, vén reforzada pola acción dos medios de comunicación que dotan de carácter épico ás competicións deportivas e engrandecen as fazañas duns xogadores cuxa labor non se limita a disputar partidos, senón que transcende este feito para encargarse de defender a imaxe dun determinado colectivo. A identificación dun afeccionado co seu equipo faillle participe nas vitorias e nas derrotas e xera un sentimento

<sup>1</sup> Sociólogos como Giulianotti non se refiren aos futbolistas como mitos, senón como heroes, e prefiren referirse á mitificación deles cando morren: “In death, therefore, the symbolic value of these heroes expands incalculably and enters the realm of mythology” (1999: 125).

<sup>2</sup> Este aspecto xa foi analizado nun traballo anterior: “En la actualidad, los estadios están recogiendo funciones propias de los templos religiosos. La necesidad de buscar cualquier fuente de ingresos ha obligado a los clubes a ser imaginativos y ofrecer servicios hasta ahora insospechados. Así, en el Camp Nou ha comenzado la celebración de bodas, con recepción en el césped, aperitivo en los palcos y convite en la zona de tribunas. (...) También ha aprovechado el club catalán, así como el Espanyol, el Atlético de Madrid, el Betis o el Hamburgo, una parte del estadio para depositar las cenizas de los socios y aficionados fallecidos que quieran descansar en estos templos futbolísticos. Con estos proyectos, los clubes se aseguran unos beneficios nada despreciables. Con este fin, el Schalke 04 alemán ha creado un cementerio cerca de su estadio para que sus seguidores puedan ser enterrados junto al club de sus amores” (Cid Abasolo e Rivero Grandoso 2012: 115-116).

de felicidade ou de tristura con cada resultado. Ademais, algúns equipos levan aparellados unha ideoloxía política ou relaciónanse cunha determinada relixión, polo que a identificación entre seguidor e club non se limita ao mero deporte, senón que traspasa esta dimensión para ser algo máis profundo e á mesma vez forma parte dun colectivo no que as experiencias e os sentimentos ao respecto do porvir do seu equipo son idénticos. Polo tanto, o afeccionado venera os futbolistas do seu equipo, mitos efémeros que converten o fútbol en algo semellante a unha relixión.

Os futbolistas son tamén reclamo publicitario de grandes multinacionais, xa que os deportistas son un dos principais modelos para a sociedade debido ao seu esforzo, o seu éxito, a súa idade nova e o gran seguimento que teñen en practicamente todo o mundo. Estas estrelas son o centro de atención nas grandes citas, polo que as súas xogadas son vistas por millóns de persoas, tanto cando triunfan como cando fracasan, e están constantemente expostos aos medios de comunicación, responsábeis en gran medida da súa mitificación:

Modern football players may film commercials or endorse products that unrealistically emphasize a single personal dimension (such as their ‘tough’, ‘zany’ or ‘honest’ qualities), only to be roundly stigmatized for any public deviation from this role. Additionally, players recognize that their celebrity status may emerge through the caprice of reporters and media people or via unforgettable moments of footballing disaster. (Giulianotti 1999: 119)

### 3. “O MÍSTER & IRON MAIDEN”: ARSENIO IGLESIAS MITIFICADO

#### 3.1. MANUEL RIVAS E O FÚTBOL

Aínda que non sexa un dos seus temas máis recorrentes, Manuel Rivas escribe nas súas columnas sobre fútbol. Confeso seguidor do

Deportivo de la Coruña<sup>3</sup>, non perde a oportunidade de opinar sobre este deporte, especialmente cando hai citas relevantes de por medio, xa sexan Eurocopas, Mundiais ou finais destacadas. Son importantes pola súa cantidade os dedicados ao seu equipo, sobre todo durante os noventa e no inicio do século XXI, cando o Deportivo tentaba disputar a hexemonía do Real Madrid e do Barcelona.

A admiración de Rivas polo adestrador Arsenio Iglesias tamén é de sobra coñecida, co que mantén unha boa relación. Rivas considera que Iglesias é un mito e compárao co Rei Lear ou co Mago Merlín, e afirma que os mitos “se hacen a través de las arrugas. Las estrellas son efímeras, pero los mitos que el pueblo escoge no se pueden fabricar, nacen” (López López 1995).

Como xa comentamos, a escritura do conto “O mister & Iron Maiden” responde á chamada de Jorge Valdano para participar en *Cuentos de fútbol*, libro no que apareceu en castelán. En galego o conto está incluído no libro de relatos *Que me queres, amor?*, co que Rivas gañou o Premio Nacional de Narrativa. A referencia que escolle Rivas para o seu conto non pode ser outra: Arsenio Iglesias<sup>4</sup>.

#### 3.2. ARSENIO IGLESIAS

Arsenio Iglesias (nado en Arteixo en 1930) é unha das lendas vivas do deporte galego, e máis concretamente do Real Club Deportivo de la Coruña. Coñecido como o Bruxo de Arteixo polos seus éxitos como adestrador dese mesmo club, foi o responsábel dunha das épocas de máis esplendor do equipo galego.

Arsenio Iglesias comezou a súa carreira futbolística no Deportivo, equipo no que sería dianteiro. Debutou na tempada 1951-52, fronte ao Barcelona, e mantívose no club até a 1956-57, curso no que o Deportivo descende a Segunda División. Iglesias continúa xogando en

<sup>3</sup> Tamén se considera seguidor do Celta de Vigo: “Hay muchísimos deportivistas que son del Madrid, bastantes que son del Barça e incluso algunos, por lo menos dos, que también somos del Celta. La mejor identidad gallega es así, basada en una suma de identidades que expresa muy bien el legendario lema emigrante: «Gallego lo puede ser cualquiera»” (Rivas 2000).

<sup>4</sup> De feito, o conto está dedicado ao mesmo Arsenio Iglesias e a Basilio Losada.

Primeira nas filas do Sevilla, club que pagou ao equipo galego cerca dun millón de pesetas en concepto de traspaso. Antes da súa retirada en 1965, xogou no Granada e no Oviedo.

Axiña empezou a adestrar, e só dous anos despois xa dirixía ao filial deportivista. O 31 de decembro de 1970, fíxose cargo do primeiro equipo, co que conseguiu o ascenso á Primeira División esa mesma tempada. Ao ano seguinte, logrou a permanencia, o que non se produciu no curso 1972-73, o seu último nesta primeira etapa de adestrador deportivista. Continuou a súa carreira en equipos como o Hércules, Zaragoza, Burgos, Elche ou Almería, nos que logrou exitosos resultados, ata volver no ano 1982 ao equipo deportivista, que estaba en Segunda División e que mesmo descendera en dúas ocasións primeiro a Terceira División e despois á nova Segunda División B. Só estivo tres tempadas, até a 1984-85, na que non puido devolver ao Deportivo a Primeira.

No entanto, non tardou moito en volver ao Deportivo, xa que na tempada 1987-88 colleu ao equipo nunha posición moi delicada e logrou salvalo do descenso cun gol no tempo de desconto no partido da última xornada. A partir de entón, logrou que o equipo estivese nas seguintes tempadas loitando polo ascenso, obxectivo que conseguiu na 1990-91 ao devolver ao Deportivo a Primeira. Con ese logro, finalizaba a súa terceira etapa como adestrador do equipo.

Mais non tardou en voltar, xa que na seguinte tempada, xa en Primeira, Arsenio Iglesias volveu ao banquillo deportivista para tentar evitar o descenso, o que logrou, e así comezou o chamado Súper Dépor, co que estivo a piques de gañar a súa primeira Liga na tempada 1993-94. Foi o famoso penalti de Djukic o que ao final lles impediría celebrar o título.

O Deportivo chegaba á última xornada de Liga como líder, e dependía de si mesmo para gañar o título. O Barcelona esperaba un tropezo do Dépor para ter opcións de ser campión, como xa acontecera nas dúas tempadas anteriores, nas que o Tenerife venceu na última xornada ao Real Madrid e deste xeito o Barcelona puido gañar a Liga tanto na tempada 1991-92 como na 1992-93.

O Deportivo xogaba en Riazor fronte ao Valencia. O resultado era 0-0, mentres no Camp Nou o Barcelona gañaba ao Sevilla: o Deportivo precisaba marcar un gol para ser campión. E xusto nos últimos minutos, un penalti a favor do Deportivo. Donato, o lanzador habitual, fora substituído momentos antes, así que toda a responsabilidade caeu no defensa Miroslav Djukic. O iugoslavo tirouno, pero González, o porteiro valencianista, parouno. O Deportivo quedábase sen premio despois dunha campaña brillante. Así o explicaba Manuel Rivas en *El País*:

Y llegó el penalti a Nando. Yo vi a hombres curtidos ponerse de rodillas y alzar las manos en plegaria. La utopía estaba a unos metros, dependía de la puntera de una bota. Aquel silencio que se hizo era el de siglos de espera. Toda la memoria de un pueblo concentrada en la trayectoria de una bola de cuero. Y no entró. El maldito destino se había salido otra vez con la suya. Y los cohetes que estallaron en la noche coruñesa sonaban a disparos de rabia contra el cielo. (Rivas 1994)

A tempada seguinte foi a última de Arsenio Iglesias no Deportivo, na que o equipo volveu quedar segundo, pero esta vez sen poder chegar a disputar o campionato nas últimas xornadas. Porén, o Deportivo conseguiu o primeiro título da súa historia: a Copa do Rei. Os deportivistas puideron vingar a Liga perdida derrotando na final ao Valencia, nun partido que tivo que suspenderse e reanudarse varios días despois por unha forte treboada.

Arsenio Iglesias só dirixiu despois ao Real Madrid na metade da seguinte tempada, na que foi unha das súas peores experiencias nun banquillo. De 2005 a 2008 foi adestrador, xunto con Fernando Vázquez, da Selección Galega, á que dirixiu en tres partidos.

### 3.3. ANÁLISE DO CONTO

A estrutura do relato é aparentemente sinxela: só tres personaxes, dos cales dous teñen un papel máis destacado; dous espazos ben diferenciados que coinciden con dous tempos da historia. Nel, aparecen as características que Vilavedra relaciona coa súa obra:

sencillez y espontaneidad que la vinculan con el registro oral y las formas populares de narración; lirismo y capacidad de sintetizar elementos

aparentemente contradictorios, como aqueles que representan una visión telúrica y ancestral de la galleguidad con los aspectos más llamativos de la civilización urbana y tecnológica. (2011: 87)

Na primeira parte do conto, un rapaz e o seu pai ven un partido do Deportivo de la Coruña. Ao fondo, na cociña, a nai fai encaixe. O Deportivo recibe un gol a falta de cinco minutos para o final, o que o afasta de gañar o campionato: entón o rapaz estalla e bota a culpa ao adestrador, ao vello Arsenio Iglesias. O pai deféndeo e considera que moito do que se conseguiu foi grazas a el, polo que discuten acaloradamente. Co pitido final, o rapaz márchase anoxado.

Na segunda parte pai e fillo están nunha barca no mar, nas Penas Cercadas, para recoller percebes no Roncudo de Corme, na Costa da Morte. O rapaz ten resaca, e a relación entre eles está tensa pola discusión da noite anterior. O pai baixa da barca antes de que o fillo poida desculpase. O rapaz tenta avisar ao seu pai para que teña coidado, pero é el o que se descoida e unha onda bótao fronte as Cercadas. O golpe fúndese co soño no que o rapaz marca un gol co Deportivo e vai celebralo co vello adestrador.

O conto ten como tema principal as diferenzas xeracionais, representadas polo fillo e as súas críticas ao adestrador e o pai e a súa defensa deste. O rapaz leva posta unha camiseta de Iron Maiden, que “symbolizes both the hostile temperament typical of a teenager and the generation gap between he and his father, with whom he is watching the match” (Ashton 2013: 97). A súa actitude vehemente pretende ser caracterizadora da mocidade e contrasta coa serenidade do pai, que engloba a postura do seu fillo nun plural que inclúe á mocidade que pensa como el. Por iso di: “Por que sempre lle botades a culpa a el?”, ou a sentencia profética na que afirma “Xa choraredes por el. Recorda o que che digo. Ides chorar por el!” (Rivas 1996: 98).

Prodúcese unha identificación entre o pai e o adestrador que sinala primeiramente o fillo, cun comentario que pretende ser ofensivo: “Non me veñas con lérias! Ti es igual ca el, dixo o mozo facendo no ar unha espiral co dedo. Que se tal, que se cal. Coidadiño, sentidiño. O fútbol é así, unha complicación. Leria e máis leria” (Rivas

1996: 98). A identificación tamén é física e o pai e o adestrador adoptan os mesmos xestos: “na pantalla viuse a bancada local e a cámara enfocou o rostro apesarado do mister. O home de pelo cano tivo a rara sensación de que estaba diante dun espello. Fundiu a cabeza entre as mans e o adestrador imitouno” (Rivas 1996: 98).

O adestrador, como apunta o pai, foi o responsábel do éxito do equipo cando aínda non eran ninguén, do mesmo xeito que foi o pai o que posibilitou que o seu fillo medrase co mellor porvir posíbel. O paralelismo é evidente: o fillo esquece o esforzo feito e a situación pasada e esixe as cotas máis altas. Tanto o pai como o adestrador son persoas vellas que pola súa idade comezan a ser incomprendidas, premidas por unha xeración nova e inconformista.

A tensa situación empeora xa sen remedio cando o rapaz sentencia o adestrador e, indirectamente, o pai: “Xubiláte, home, xubiláte!” (Rivas 1996: 98). O pai recibe a frase do fillo como un disparo, mais a explicación é aínda máis dura: “Digo que vai vello. Que se largue!” (Rivas 1996: 99). O pai sente o rexeitamento do fillo ao adestrador como se fose dirixido a si mesmo: as xeracións novas menosprezan ás maiores.

O conto sitúase temporalmente no ano 1995, ao final da tempada 1994-95, cando o Deportivo vía inalcanzábel ao líder Real Madrid. Ademais das referencias á imposibilidade de gañar o título, sabemos que se trata dese ano pola mención ao dianteiro Julio Salinas, que só permaneceu unha tempada na Coruña.

Esa tempada foi especialmente dura para Arsenio Iglesias, que presentou a súa dimisión –que non foi aceptada pola directiva– en xaneiro tras un empate contra o Real Madrid, na que algúns xogadores criticaron as súas tácticas algo conservadoras. Tamén os afeccionados comezaron a asubiar ao equipo, o que contribuíu a que o adestrador quixese abandonar o club:

Después de tres años instalado en la euforia, los problemas han explotado en el Deportivo. El empate del pasado sábado frente al Madrid desató la tormenta. Jugadores muy apreciados por el entrenador, como el capitán, Fran, criticaron sus planteamientos tácticos, que consideran

excesivamente conservadores. Parte de la afición también se sumó a la caza del técnico, abroncándole con insistencia. Abierta la veda contra él, Arsenio anunció al término del entrenamiento de ayer que acudiría a la sede del club para pedir al presidente que le buscara “un recambio”. “Es lo mejor para el Deportivo, al que yo tanto quiero”, explicó el entrenador, con gran serenidad pero sin disimular su gesto dolido. Lendoiro reaccionó con enorme prudencia y pidió al técnico que siga, ante el temor a las imprevisibles consecuencias de su abandono. (Hermida 1995)

Manuel Rivas na prensa, como o pai no conto, sinalaba que foi Arsenio o que levou ao Deportivo á senda gañadora despois de moitos anos de sufrimento en Segunda e Segunda B: “Arsenio tuvo que administrar en tiempos la escasez. Hizo un cesto con pocos y dispares mimbres y consiguió llenarlo de pescado. Llevó al Deportivo a donde nunca antes había llegado. Él sabe de dónde se viene. Otros lo han olvidado” (Rivas 1995). O subchampionato da tempada anterior, a piques de gañar a Liga na última xornada, motivou a intransixencia duns afeccionados cuxa ambición se vía desbordada.

Xa no mar, o fillo atende aos movementos do seu pai, pero esquece as súas advertencias e descoida ao mar. A inexperiencia do rapaz, que contrasta coa que ten o seu pai e o adestrador, vai custarlle a vida. A conclusión do conto é clara: o ímpeto do fillo carece da reflexión necesaria que procede da experiencia, da paciencia que si semellan ter o pai e o adestrador, coñecedores non só da súa profesión, senón tamén das formas de actuar na vida.

O impacto do rapaz contra as rocas fúndese co soño de ser futbolista e marcar un gol en Riazor. Deste modo, recóllese a dimensión social do fútbol e o seu elemento mitificador, xa que a mocidade venera aos xogadores e pretende ser como eles, non só no plano deportivo, senón tamén ter a súa exitosa vida social, vestir como eles ou levar os mesmos peiteados. O ceo, o paraíso, para este rapaz é marcar un gol como fan os seus ídolos do Deportivo nun estadio cheo de xente. Os futbolistas son, polo tanto, mitos para os afeccionados, modelos a imitar.

Tras marcar o gol, o rapaz corre a celebralo co home do pelo cano do banquillo, personaxe no

que se funden o pai e o adestrador. Deste xeito, o fillo logra a reconciliación que non foi posíbel antes do seu impacto contra as rocas: as discusións co pai e as diferenzas interxeracionais son esquecidas no soño mediante unha aperta. Así se perdoan tamén as diverxencias co adestrador, o mito do deportivismo, o que devolveu o equipo a Primeira e lle permitiu soñar con grandes obxectivos. De feito, esa mesma tempada, Arsenio Iglesias conseguiu o primeiro título do Deportivo: a Copa do Rei.

#### 4. A MODO DE CONCLUSIÓN

O fútbol e a literatura non tiveron nunca unha relación fluída, e tampouco, a pesar de honrados intentos, parecen tela agora. Porén, cada vez hai máis casos nos que este deporte entra na ficción, e ao ter tanta transcendencia nas sociedades modernas –nas que os xogadores son modelos a imitar, as vitorias son celebradas de xeito masivo e as derrotas sufridas mesmo con choros– é probábel que os exemplos vaian aumentando paulatinamente.

O de Manuel Rivas non é o único caso na literatura galega, pero é posíbelmente un dos máis ilustrativos pola relevancia do autor e a súa canonización no sistema literario galego. A figura que recolle no conto, a de Arsenio Iglesias, é tamén unha das máis admiradas en Galicia polo que significa no seu club, onde foi xogador e tamén adestrador en catro etapas distintas. As referencias sobre o adestrador permiten a súa mitificación e a pervivencia na literatura do seu aire heroico, posíbel polo carácter épico co que os afeccionados seguen o fútbol.

Arsenio Iglesias é hoxe un mito do deportivismo, un adestrador que chegou ao equipo en Segunda e non só conseguiu o ascenso, senón tamén colocar ao Deportivo entre os mellores da Liga española. A esixencia dos afeccionados no seu último ano de gañar a Liga foi un gran impedimento para Arsenio, que coñecía perfectamente a traxectoria do equipo e a situación da que viñan non facía moito. Rivas reflícteo como a insistencia da mocidade en éxitos a corto prazo fronte a experiencia e a conciencia que exemplifican os maiores. As paixóns que desata o fútbol, por tanto, son extrapolábeis a outras situacións e comportamentos da vida.

## 5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ASHTON, Timothy J. (2013): *Soccer in Spain: Politics, Literature, and Films*. Lanham / Toronto / Plymouth: The Scarecrow Press.
- CID ABASOLO, Karlos e RIVERO GRANDOSO, Javier (2012): “El estadio, un icono moderno”, en GILAVE, Grupo de Investigación “La aventura de viajar y sus escrituras”: “Nuevas mitologías urbanas” [en liña], *Ángulo Recto. Revista de estudios sobre la ciudad como espacio plural* 4/2, pp. 99-146 (<http://www.ucm.es/info/angulo/volumen/Volumen04-2/varia01.htm>., [http://dx.doi.org/10.5209/rev\\_ANRE.2012.v4.n2.40679](http://dx.doi.org/10.5209/rev_ANRE.2012.v4.n2.40679)).
- GIULIANOTTI, Richard (1999): *Football: A Sociology of the Global Game*. Cambridge: Polity Press.
- HERMIDA, Xosé (1995): “Lendoiro frena la dimisión de Arsenio, cansado de que la afición le exija ganar la Liga”, *El País* 17/01/1995 ([http://elpais.com/diario/1995/01/17/deportes/790297201\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1995/01/17/deportes/790297201_850215.html)).
- LÓPEZ LÓPEZ, Miguel Ángel (1995): “Respeto y sabiduría”, *El País* 07/10/1995 ([http://elpais.com/diario/1995/10/07/deportes/813020405\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1995/10/07/deportes/813020405_850215.html)).
- RIVAS, Manuel (1994): “El maldito destino”, *El País* 15/05/1994 ([http://elpais.com/diario/1994/05/15/deportes/768952817\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1994/05/15/deportes/768952817_850215.html)).
- (1995): “La crisis del bienestar”, *El País* 17/01/1995 ([http://elpais.com/diario/1995/01/17/deportes/790297214\\_850215.html](http://elpais.com/diario/1995/01/17/deportes/790297214_850215.html)).
- (1996): “O mister & Iron Maiden”, en *Que me quieres, amor?* Vigo: Galaxia, pp. 95-101.
- (2000): “El choque de dos infelices máquinas”, *El País* 26/02/2000 ([http://elpais.com/diario/2000/02/26/deportes/951519609\\_850215.html](http://elpais.com/diario/2000/02/26/deportes/951519609_850215.html)).
- RIVERA, Maica (2010): “Valdano y el canon albiceleste”, *Leer* 213 (xuño de 2010), pp. 16-17.
- VALDANO, Jorge (1995): “Prólogo”, en Jorge Valdano (ant.), *Cuentos de fútbol*. Madrid: Alfaguara, pp. 11-17.
- VILAVEDRA, Dolores (2011): “La obra literaria de Manuel Rivas: notas para una lectura macrotextual”, *Romance Notes* 51/1, pp. 87-96.
- VV.AA. (1998): “El fútbol y las artes”, *Cuadernos Hispanoamericanos* 581, pp. 7-26.